

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA TURISMO DE GALICIA E A DIÓCESE DE LUGO PARA POSIBILITAR A APERTURA DE IGREXAS DENTRO DO PROGRAMA “CAMIÑO SOLIDARIO”

A xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia Turismo de Galicia formalizou coa Diócese de Lugo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2019.

Que o instrumento convencional ten por obxecto o establecemento das condicións para a colaboración entre a Axencia Turismo de Galicia e a Diócese de Lugo para permitir a apertura das igrexas recollidas no anexo e que se inclúen no programa “Camiño Solidario”, programa de voluntariado creado pola Xunta de Galicia a través do que se seleccionarán as persoas voluntarias que colaborarán co arcebispado e os párrocos na citada apertura das igrexas.

Os horarios de apertura de cada igrexa, determinaranse de común entre o párroco e as persoas voluntarias sendo decisión do párroco o xeito de facilitar a apertura.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- A Axencia Turismo de Galicia, en virtude do disposto no artigo 9 do Decreto 196/2012, do 27 de setembro, polo que se crea a Axencia de Turismo de Galicia, é o órgano da Xunta de Galicia ao que lle corresponde o impulso e execución da política turística da Xunta de Galicia en relación coa promoción da calidade e innovación, o desenvolvemento, mellora, información e difusión do sector turístico galego, potenciando a devandita oferta, mediante a comercialización, información e difusión do produto turístico da Comunidade galega e particularmente do produto estrela de todos os galegos, o Camiño de Santiago.



Segundo.- Que un dos produtos turísticos estrela do turismo de Galicia é o Camiño de Santiago.

O Plan Director e Plan Estratéxico do Camiño de Santiago 2015-2021 supón unha ferramenta de xestión para a Xunta de Galicia e unha folia de ruta que marca as directrices para favorecer a conservación e protección do Camiño na nosa comunidade autónoma, atendendo a todos os axentes, públicos e privados, implicados no mesmo. O Plan Director e Estratéxico do Camiño de Santiago 2015- 2021 ten como retos:

- Conciencia e posicionamento dos valores esenciais do Camiño
- Posta en valor do patrimonio do Camiño
- Excelencia na experiencia do peregrino
- Eixo de desenvolvemento socioeconómico sostible e responsable
- Camiño como fortalecedor da marca “Galicia”

Na liña estratéxica 1, inclúese como plan de actuación a colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades eclesiásticas, para a acollida aos peregrinos e a difusión do patrimonio.

A este respecto, unha das formas de promoción do Camiño é a posta en valor dos seus bens inmoables, tendo unha gran riqueza cultural, histórica e artística as igrexas por onde pasa o Camiño; así como as existentes na meta do mesmo como é Santiago de Compostela.

Terceiro.- Que o notable incremento do número da afluencia de peregrinos, non só dos peregrinos que acoden a pé a Santiago de Compostela a través das diferentes rutas xacobeas, senón por outros medios de transporte, esixe unhas novas medidas de atención e servizos os peregrinos que faciliten o aceso de estes o importante patrimonio cultural existente os pés do Camiño de Santiago co consecuente aumento dos medios humanos e materiais para este fin.

Dado que o Camiño de Santiago constitúe na actualidade unha marca que identifica a Galicia e España no mundo, a coidada atención os peregrinos é un reto importante para todos os departamentos e órganos da Xunta de Galicia dado que repercute na imaxe internacional da nosa Comunidade Autónoma.

Neste sentido, é necesario articular medidas que reforcen a atención e acollemento.



Cuarto.- Que entre a Axencia Turismo de Galicia e a Consellería de Política Social vense colaborando desde fai uns anos para a implantación do programa “Camiño Solidario”. Trátase dunha iniciativa que busca dar a coñecer, por parte de persoas voluntarias, o rico patrimonio artístico e cultural existente ao pé das diferentes rutas do Camiño de Santiago, co obxectivo de favorecer o seu coñecemento de cara ao Xacobeo 2021.

A través do citado programa promóvese a apertura de igrexas e monumentos que reflicten a riqueza do legado histórico e relixioso do Camiño de Santiago, durante a época de maior afluencia de peregrinos ao longo dos diferentes Camiños de Santiago e promócióname o patrimonio cultural existente na zona, recollendo un programa de visitas a monumentos, bens e construcións que poidan resultar de interese.

A través do programa Camiño Solidario, a Consellería de Política Social, mediante a Dirección xeral de Xuventude, Participación e Voluntariado, facilita que as persoas voluntarias participantes leven a cabo actividades de información en dous ámbitos de actuación:

- Voluntariado Cultural:
 - Acompañamento os peregrinos para as visitas as igrexas e outros monumentos da zona (castros, lavadoiros, canastros, cruceiros, mámoa, etc...)
- Voluntario Informativo:
 - Informar os peregrinos e visitantes sobre aspectos culturais e de servizos (albergues, oficinas de información, centros de saúde, ...) que existan no ámbito territorial.

Quinto.- Que a través deste convenio, outórgase á Diocese de Lugo unha subvención directa en virtude do disposto no artigo 19.4 c) da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, polas razóns de interese público, social, económico e humanitario expostas nos puntos anteriores e que dificulta a súa convocatoria pública, de conformidade co previsto no artigo 26.2.a) da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.





En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela
A xerente de Turismo de Galicia

M^a Elena Barca Ramos

